

Tarefas de Historia 4º da ESO para facer na semana do 8 ao 12 de xuño.

Ola estimados alumnoas:

Pois xa chegamos ao final de este repaso do *longo século XIX* -que diría o historiador británico Hobsbawn-, dende o ano 1789 (Revolución francesa) ata 1914/18 (1ª Guerra Mundial). Un século que vai a establecer as bases da nosa Idade Contemporánea, en aspectos políticos (liberalismo parlamentario), económicos (capitalismo de mercado), sociais (desigualdade de clases) e culturais (vanguardas artísticas, mentalidades máis laicas, individualismo, consumismo..)

O *curto século XX* -segundo o esquema de Hobsbawn-, dende a 1ª Guerra Mundial ata 1989/91 (caída do bloque soviético-comunista), vai supoñer fundamentalmente, un enfrontamento entre tres sistemas moi diferentes: as democracias parlamentarias, as ditaduras comunistas e os totalitarismos fascistas. Dese enfrontamento vai saír victoriosa, ata chegar ao noso mundo actual, as democracias, aínda que con nubarróns no horizonte que presaxian un mundo futuro bastante incerto, complexo e inseguro.

Lamentablemente, neste curso non poidemos avanzar máis aló da 1ª Guerra Mundial, o primeiro conflito de índole moderna: Guerra global, avances tecnolóxicos, fin dos antigos imperios europeos, xurdimento de novas potencias mundiais (EEUU, URSS), avances sociais (ampliación de dereitos para as clases populares, para as mulleres), aparición de novas ideoloxías (fascismos), nova mentalidade (pesimismo ante a vida, desfrute do momento), novas manifestacións artísticas (as vanguardas)...

En conclusión, para rematar este *longo século XIX*, do que falábamnos, imos estudar en primeiro lugar os aspectos artísticos de finais do XIX e principios do XX (impresionismo e postimpresionismo) que, en moitos aspectos, xa nos van anunciar o que vai vir despois. A continuación, pasaremos a analizar ese primeiro gran conflito mundial que vai poñelo todo patas arriba.

Actuaremos do seguinte xeito:

- Faremos as actividades 34 e 35 da páxina 121, sobre a arte impresionista e postimpresionista.
- Respostaremos ás actividades 1 á 6 das páxinas 131 e 133, sobre a 1ª Guerra Mundial.

E ata aquí chegamos compañeiros. Foi todo un pracer poder traballar convosco, aínda que fose dun xeito virtual, ao longo deste último trimestre de curso. Ogallá o traballo feito vos axudara a entender algo millor as bases da Idade Contemporánea, e a ver a Historia como unha materia que nos axuda a entender algo millor ás nosas sociedades, civilizacións e mentalidades colectivas actuais. Ese é sempre a tarefa que me autoimpoño á hora de encarar un novo curso con novos alumnoas. Vos desexo o millor para o ano que ven, xa noutro centro. Que sempre teñades ansias por saber (*sapere aude*, que dicía Kant) e que non perdades nunca a vontade de seguir madurando e disfrutando millor da vida.

Ánimo, forza, saude e sorte, compañeiros! Ata sempre.

David